



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López
Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño
Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>
Teléfono: 886 110433



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa na avaliación continua e final das materias serán os criterios de avaliación que figuran nos currículos actualmente vixentes.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel, contará co asesoramento do Departamento de Orientación e asistirá algún membro do equipo directivo.

Cando o progreso do/a alumno/a non sexa o adecuado, levaranse a cabo todas as medidas ordinarias (como o reforzo educativo) e, unha vez esgotadas estas, utilizaranse as extraordinarias (como a adaptación curricular) coa finalidade de garantir, na medida do posible, a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O/A titor/a levantará acta dos acordos e decisións tomadas polo equipo educativo e trasladará os correspondentes boletíns informativos ao remate de cada avaliación ás familias, que poderán visualizalos a través da aplicación Abalar.

A avaliación das aprendizaxes dos/das alumnos/as terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O alumnado de EP que promocióne de curso con áreas sen superar deberá recibir os apoios necesarios para acadar os contidos non alcanzados no curso anterior.

No caso do alumnado que permaneza un curso máis no mesmo nivel (non promocióne), o equipo docente coordinado polo titor/a será o encargado de elaborar e facer o seguimento do plan específico de reforzo. Este plan contará polo menos cos puntos indicados polo artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O/A titor/a informará aos pais, nais ou titores legais da realización e posta en marcha deste plan deixando constancia por escrito.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López

Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño

Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/>

Teléfono: 886 110433



CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE PRIMARIA

Despois da publicación da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) se establecen os seguintes criterios de promoción:

Promoción en Educación Primaria.

1. A promoción nos cursos de 1º, 3º e 5º de Primaria será automática. Cando non se supere algunha área ou se detecten dificultades de aprendizaxe, se establecerán as medidas de reforzo máis adecuadas.
2. Ao finalizar os cursos de 2º / 4º/ e 6º EP e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Non promocionará o alumnado con 3 materias ou máis suspensas, ou con 2 materias suspensas cando estas sexan Matemáticas, Lingua Castelá ou Lingua Galega.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídos as nais, os pais ou titores legais.
4. Promocionará por imperativo legal aquel alumnado que xa permanecera un ano máis nalgún dos cursos anteriores, salvo aqueles aos que se lles aplique a Orde do 8 de setembro de 2021 (flexibilización da etapa)
5. A repetición de curso irá acompañada dun plan específico de reforzo (art. 50 Orde do 8 de setembro de 2021) orientado a acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.